

Visita a Santiago

O xoves 9 de decembro, os alumnos de 4 ESO A e 4 ESO B do IES Xesús Ferro Couselo acompañados de 4 profesores dos departamentos de Bioloxía e Xeoloxía e de Física e Química partiron a primeira hora da mañá cara a Santiago de Compostela, con dúas citas culturais: O Museo de Historia Natural da USC e a exposición Galicia Futura na Cidade da Cultura.

Unha vez en Santiago, os dous grupos separáronse para facer as visitas, o 4 eso B comezou polo museo de historia natural, e o 4 ESO A por Galicia futura, cada grupo con dous profesores.

O Museo de Historia Natural ten a súa orixe no Gabinete de Historia Natural, creado en 1840, con coleccións destinadas á docencia universitaria. Desde 1906, ano en que acadou a categoría de Museo, o seu patrimonio experimentou un incremento constante, tanto na cantidade como na calidade das coleccións.

Na actualidade alberga importantes coleccións botánicas, zoolóxicas e xeolóxicas, algunhas delas elaboradas por profesores da universidade compostelá e por científicos e naturalistas galegos, e outras son resultado de doazóns, intercambios e adquisicións. Hai salientables coleccións, únicas en España

As novas salas expositivas están deseñadas seguindo as tendencias máis recentes de mostrar o medio natural en escenarios realistas que reproducen diferentes tipos de ecosistemas.

Así, puidemos entrar nunha cámara acoirazada que gardaba pedras preciosas, unha mina, vimos o mapa de Galicia coas rochas de cada zona, una fermosa colección de minerais suspendidos no aire, moluscos de tódalas clases, fósiles, e animais no seu ecosistema tanto terrestres coma mariños e aves.

A exposición Galicia Futura toma o pulso do presente para propoñer un percorrido por fitos e ideas innovadoras que xa están a marcar os vieiros do porvir da nosa comunidade en diferentes campos. Explora así un futuro desexado e posible, partindo do traballo que están a desenvolver a día de hoxe diferentes profesionais e grupos de vangarda. **Galicia futura** afonda tamén no noso pasado para identificar comportamentos e procesos que constrúen o futuro, poñendo o acento nunha escolma de pezas destacadas que representaron no seu momento un pulo decidido cara ao futuro en diversos eidos. Exíbense pezas artísticas creadas especificamente para este proxecto por destacados nomes das artes plásticas, as letras, o audiovisual, a ciencia, a escena, o deseño ou a música galega, que contribúen á visión diversa e coral que tenta ofrecer a exposición.

Puidemos ver os materiais do futuro, fabricados á partires moitas veces de refugallo: hai exemplos sorprendentes, como formigón a base de cuncha de mexillón ou cerámica impresa en 3D. Tamén os produtos galegos máis recoñecidos no exterior, como as patacas fritidas Bonilla, delicatessen para os coreanos.

No campo da medicina, O futuro é a medicina personalizada: diagnósticos e tratamentos específicos para cada persoa e patoloxía. A exposición amosa exemplos en tres eidos nos que Galicia está a liderar importantes investigacións: xenómica, intelixencia artificial e nanociencia, desenvolvendo terapias innovadoras contra enfermidades desafiante.

Un exemplo da investigación galega que sorprendeu a todos: a perovskiña é un sólido refrixerante, un material barocalórico de patente galega, que arrefría ao ser presionado. Puidemos comprobar o seu funcionamento cun dispositivo interactivo que amosa canto baixa a temperatura co peso do teu propio corpo.

Gustáronlle aos alumnos tamén as mostras de instalación artísticas que recollían tradición e tecnoloxía, e os exemplos da tradición como valor diferencial: os peliqueiros do Entroido, a rapa das bestas ou a vieira que marca o Camiño de Santiago.

Unha vez rematadas as visitas, xantaron no CC As Cancelas, e tiveron un rato de tempo libre que tamén lles prestou.

Un día diferente entre amigos para recordar.

ENLACE FOTOS

<https://photos.app.goo.gl/7ouVd2tDgV8dMdQF9>